



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE MARZO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2019.
2. Respecto ás solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural:
 - a) Incluír dentro da programación de Extensión universitaria do centro as seguintes actividades:
 - Acto académico de Graduación da VII Promoción do Grao en Dereito e da I Promoción do Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, que se celebrará o día 7 de xuño de 2019.
 - Curso de Actualización Xurídica.
 - b) A seguinte distribución no orzamento correspondente:
 - 900€ para o Acto académico de Graduación da VII Promoción do Grao en Dereito e da I Promoción do Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito.
 - 1300€ para o Curso de Actualización Xurídica.
3. Respecto ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección:
 - a) Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección coas modificacións acordadas nas propostas de mellora para o curso 2018/2019.
 - b) Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para realizar as modificacións puntuais que procedan no devandito Informe.
4. Manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2018-2019.

Ourense, 8 de marzo de 2019



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 8 de marzo de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade na mesma data.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.